

FEDERACION DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE
CALLE Gambrinus mod 0 nave 3, Nº 151 Andar 2
15008 - CORUÑA, A

Procedemento: TR301K

Descrición: plan formativo para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (persoas traballadoras desempregadas).

Expediente: TR301K-2022/000041-1

Asunto: Resolución de aprobación de accións formativas (ampliación de crédito segunda convocatoria).

ANTECEDENTES

- Con data 14 de xuño de 2022, a entidade FEDERACION DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA, NIF G27033737 presentou a solicitude de subvención e a documentación requirida para impartir accións formativas correspondentes á segunda convocatoria do Plan formativo para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidas a persoas traballadoras desempregadas (procedemento TR301K), publicada no DOG núm. 233, do 5 de decembro, en diante orde de convocatoria.
- A Comisión central de valoración, constituída ao abeiro do disposto no artigo 9 da Orde do 16 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2021-2023, e se realiza a súa primeira convocatoria para os exercicios 2021 e 2022 (código de procedemento TR301K), publicada no DOG núm. 81, do 30 de abril de 2021, en adiante orde de bases, nas sesións celebradas os días 1 e 6 de setembro de 2022, visto o informe técnico emitido pola xefatura territorial, procedeu ao estudo conxunto e informe dos expedientes de acordo cos criterios establecidos na citada orde.
- A persoa titular da xefatura territorial, por delegación da persoa titular da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, procedeu, logo do informe da Comisión Central de Valoración, da proposta de accións formativas obxecto de concesión da subvención formulada polo servizo de Servizo de Formación para o Emprego e Orientación, do cumprimento do trámite de audiencia, cando proceda, e fiscalizada a proposta pola respectiva intervención, á resolución dos expedientes de axuda da segunda convocatoria.
- Con data do 3 de novembro de 2022 a Comisión Central de Valoración, como consecuencia da tramitación dunha ampliación de crédito para o financiamento de accións formativas correspondentes á segunda convocatoria do Plan formativo para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidas a persoas traballadoras desempregadas, reuniuse para os efectos de aplicar o proceso de adjudicación establecido na orde de bases e de convocatoria.
- Mediante a publicación da orde do 5 de Decembro, DOG núm. 233, ampliouse nun total de 14.770.481,70€, o importe total dos créditos destinados á segunda convocatoria de subvencións.
- O servizo de Formación para o Emprego e Orientación da xefatura territorial, á vista da acta e dos anexos emitidos pola comisión central de valoración, procedeu a realizar a proposta das accións formativas obxecto de concesión da subvención, en función da puntuación obtida e do proceso de selección por comarcas que se detalla no anexo I das bases reguladoras.
- A Intervención Territorial Delegada fiscalizou a correspondente proposta de gasto.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Foron de aplicación as seguintes normas e consideracións legais no proceso de resolución:

- ORDE do 16 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2021-2023, e se realiza a súa primeira convocatoria para os exercicios 2021 e 2022 (código de procedemento TR301K) (DOG núm. 81, do 30 de abril).
- ORDE do 13 de maio de 2022 pola que se modifica parcialmente a Orde do 16 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2021-2023, e se realiza a súa segunda convocatoria para os exercicios 2022 e 2023 (código de procedemento TR301K) (DOG núm. 102, do 30 de maio).
- ORDE do 5 de decembro de 2022 pola que se publica a ampliación de crédito da Orde do 13 de maio de 2022 pola que se modifica parcialmente a Orde do 16 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2021-2023, e se realiza a súa segunda convocatoria para os exercicios 2022 e 2023 (código de procedemento TR301K) (DOG núm. 233, do 9 de decembro).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño) e o Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro).
- Lei 30/2015, de 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o Emprego no ámbito laboral (BOE núm. 217, do 10 de setembro).
- Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015 (BOE núm. 159, de 5 de xullo de 2017).
- Orde TMS/368/2019, de 28 de marzo, pola que se desenvolve o Real Decreto 694/2017, de 3 de xullo, que desenvolve a Lei 30/2015, de 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o Emprego no ámbito laboral, en relación coa oferta formativa das administracións competentes e o seu financiamento, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas o seu financiamento (BOE núm. 78 do 1 de abril de 2019).
- Orde TES/1109/2020, do 25 de novembro, pola que se modifica a Orde TMS/368/2019, de 28 de marzo, pola que se desenvolve o Real Decreto 694/2017, de 3 de xullo, que desenvolve a Lei 30/2015, de 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o Emprego no ámbito laboral, en relación coa oferta formativa das administracións competentes e o seu financiamento, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas o seu financiamento.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro).
- Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (DOG núm. 130 do 8 de xullo).

De acordo co establecido no artigo 11 da orde de bases, a resolución dos expedientes de axudas correspóndelle, logo do informe da Comisión de Valoración, do cumprimento do trámite de audiencia, cando proceda, e fiscalizada a proposta pola respectiva intervención, ás persoas titulares das xefaturas territoriais, por delegación da persoa titular da Consellería de Promoción do Emprego e



Igualdade.

Por todo o exposto, **RESOLVO**, en relación coa ampliación de crédito da segunda convocatoria:

Conceder unha subvención por importe total de 151.922,40 € para a realización das accións formativas recollidas no Anexo I que se achega coa presente resolución. Se é o caso, no mesmo tamén figurará o compromiso de inserción laboral, o compromiso adquirido de que o 100 % das persoas participantes na actividade formativa sexan persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial recoñecida polo organismo competente, e/ou o compromiso de colaborar na xestión de bolsas e axudas do alumnado, así como os módulos transversais autorizados.

Acompáñase como anexo II o documento de programación das accións formativas solicitadas que lle foron concedidas.

Consonte ao disposto no artigo 11.4 da orde de bases, logo da notificación da resolución definitiva disporá dun prazo de dez días hábiles para a súa aceptación a través da aplicación informática SIFO, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente **aceptada**.

A aceptación da concesión da subvención implica que a entidade interesada recoñece que coñece as estipulacións das ordes de bases reguladoras e de segunda convocatoria, que cumpre cos requisitos sinalados nelas e que se compromete a destinar o importe da axuda ao obxecto da subvención indicada.

Asi mesmo supón que a entidade conta con capacidade suficiente, en termos económicos, técnicos, de recursos humanos, materiais e organizativos, para asumir na súa totalidade a execución completa dos cursos que solicita, así como que se compromete a dispor deles ao longo de todo o período de execución da actividade subvencionable.

Para estes efectos deberá comprobar no aplicativo informático SIFO, con carácter previo á aceptación tácita ou expresa, se como consecuencia do proceso de resolución da convocatoria pública de subvencións houbo algunha modificación na súa proposta de datas de inicio e/ou remate das accións formativas solicitadas que poda afectar á realización dos cursos programados.

No caso de que, como consecuencia das anteditas modificacións, sexa necesario alterar o inicio dalgunha das accións formativas, deberá presentar unha reprogramación na que se indiquen as novas datas.

Non se poderá subcontratar con terceiros a execución da actividade formativa adxudicada. Para estes efectos, non se considerará subcontratación, a contratación de persoal docente. Por contratación de persoal docente enténdese exclusivamente a contratación de persoas físicas.

No desenvolvemento da acción ou accións formativas a que se refire esta resolución, ademais das obrigas establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, das establecidas con carácter xeral nas disposicións vixentes en materia de formación para o emprego no ámbito laboral, a entidade beneficiaria deberá cumprir todas aquelas establecidas na orde de bases e na orde da segunda convocatoria, reguladoras deste procedemento.

Para dispor dunha maior información relativa ao cumprimento do disposto no artigo 18.7 da orde de bases, no que se establece á obriga de dispor dun sistema de control biométrico compatible co sistema establecido polo Servizo Público de Emprego de Galicia para o seguimento e control das actividades presenciais do alumnado e do persoal docente, pode consultar á páxina web <https://empregoeigualdade.xunta.gal/cobipe>

De solicitarse, de acordo co disposto no artigo 17 da orde de bases, anticipos para a execución da acción formativa, os gastos realizados con cargo a estes deberán referirse á anualidade orzamentaria para a que foron concedidos.

A data límite para o remate dos cursos que se desenvolvan exclusivamente durante a anualidade de 2022 será o 20 de decembro de 2022. Para os cursos que se desenvolvan durante as anualidades de 2022 e 2023, a data límite para o remate das accións formativas será o 30 de setembro de 2023.

O incumprimento das obrigas establecidas na Orde de bases e demais ordes aplicables, así como das condicións establecidas na resolución de concesión, dará lugar á perda total ou parcial do dereito ao cobramento da subvención ou, logo do oportuno procedemento de reintegro, á obriga de devolver



total ou parcialmente a subvención percibida e os xuros de demora correspondentes.

O réxime de infraccións e sancións aplicables no ámbito da formación profesional para o emprego será o regulado polo texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado por Real Decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto e, no non previsto no réxime de infraccións e sancións, observarase o contido da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 12 da orde de bases, a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes desde a súa notificación, se o acto fose expreso, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, se o acto non fose expreso, de conformidade co que preceptúan os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Mediante este documento, en aplicación do disposto no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, notifícaselle a presente resolución.

En A Coruña, na data da sinatura electrónica
O/a xefe/a territorial
Judit Fontela Baró



Xefatura Territorial de A Coruña

ANEXO I
ACCIÓNS FORMATIVAS APROBADAS

EXPEDIENTE: TR301K-2022/000041-1

CENTRO: 1504103 - FEDERACION DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA

NIF: G27033737

CONCELLO: CORUÑA, A

COMARCA: A CORUÑA

ACCIÓN FORMATIVA: 2022/000981

ESPECIALIDADE: AFDP0109 - SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS

HORAS: 388

DÍAS LECTIVOS: 70

ORZAMENTO APROBADO: 35.200,80 €

MODALIDADE: Presencial

AULA VIRTUAL: NON

MÓDULOS TRANSVERSAIS	HORAS MÓDULO
FCOO03 - Inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero	10
FCOXXX24 - Formación para a igualdade (8h.)	8

Anualidade 2022:

21.120,48 €

Anualidade 2023:

14.080,32 €

Porcentaxe compromiso inserción: 0,00 %

Compromiso 100% participantes con discapacidade: NON

Porcentaxe colaboración na xestión de bolsas e axudas: 100,00 %

PUNTUACIÓN TOTAL OBTIDA: 15,00



Xefatura Territorial de A Coruña

ANEXO I (CONTINUACIÓN)
ACCIÓNS FORMATIVAS APROBADAS

EXPEDIENTE: TR301K-2022/000041-1

CENTRO: 1504103 - FEDERACION DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA

NIF: G27033737

CONCELLO: CORUÑA, A

COMARCA: A CORUÑA

ACCIÓN FORMATIVA: 2022/001003

ESPECIALIDADE: AFDP0109 - SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS

HORAS: 388

DÍAS LECTIVOS: 73

ORZAMENTO APROBADO: 35.200,80 €

MODALIDADE: Presencial

AULA VIRTUAL: NON

MÓDULOS TRANSVERSAIS	HORAS MÓDULO
FCOO03 - Inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero	10
FCOXXX24 - Formación para a igualdade (8h.)	8

Anualidade 2022:

20.768,47 €

Anualidade 2023:

14.432,33 €

Porcentaxe compromiso inserción: 0,00 %

Compromiso 100% participantes con discapacidade: NON

Porcentaxe colaboración na xestión de bolsas e axudas: 100,00 %

PUNTUACIÓN TOTAL OBTIDA: 15,00



Xefatura Territorial de A Coruña

ANEXO I (CONTINUACIÓN)
ACCIÓNS FORMATIVAS APROBADAS

EXPEDIENTE: TR301K-2022/000041-1

CENTRO: 1504103 - FEDERACION DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA

NIF: G27033737

CONCELLO: CORUÑA, A

COMARCA: A CORUÑA

ACCIÓN FORMATIVA: 2022/001069

ESPECIALIDADE: AFDP0209 - SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS

HORAS: 438

DÍAS LECTIVOS: 78

ORZAMENTO APROBADO: 40.760,40 €

MODALIDADE: Presencial

AULA VIRTUAL: NON

MÓDULOS TRANSVERSAIS	HORAS MÓDULO
FCOO03 - Inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero	10
FCOXXX24 - Formación para a igualdade (8h.)	8

Anualidade 2022:

23.233,43 €

Anualidade 2023:

17.526,97 €

Porcentaxe compromiso inserción: 0,00 %

Compromiso 100% participantes con discapacidade: NON

Porcentaxe colaboración na xestión de bolsas e axudas: 100,00 %

PUNTUACIÓN TOTAL OBTIDA: 15,00



Xefatura Territorial de A Coruña

ANEXO I (CONTINUACIÓN)
ACCIÓNS FORMATIVAS APROBADAS

EXPEDIENTE: TR301K-2022/000041-1

CENTRO: 1504103 - FEDERACION DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA

NIF: G27033737

CONCELLO: CORUÑA, A

COMARCA: A CORUÑA

ACCIÓN FORMATIVA: 2022/001648

ESPECIALIDADE: AFDP0209 - SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS

HORAS: 438

DÍAS LECTIVOS: 78

ORZAMENTO APROBADO: 40.760,40 €

MODALIDADE: Presencial

AULA VIRTUAL: NON

MÓDULOS TRANSVERSAIS	HORAS MÓDULO
FCOO03 - Inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero	10
FCOXXX24 - Formación para a igualdade (8h.)	8

Anualidade 2022:

23.233,43 €

Anualidade 2023:

17.526,97 €

Porcentaxe compromiso inserción: 0,00 %

Compromiso 100% participantes con discapacidade: NON

Porcentaxe colaboración na xestión de bolsas e axudas: 100,00 %

PUNTUACIÓN TOTAL OBTIDA: 15,00



Xefatura Territorial de A Coruña

ANEXO II
PROGRAMACIÓN DA/S ACCIÓN/S FORMATIVA/S

EXPEDIENTE: TR301K-2022/000041-1

ENTIDADE: G27033737 - FEDERACION DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA

ACCIÓN FORMATIVA	CÓDIGO ESPECIALIDADE	DENOMINACIÓN ACCIÓN FORMATIVA	MODALIDADE	CENSO DE IMPARTICIÓN	HORAS	CENSO PRESENCIAL(1)	AULA(2)
2022/000981	AFDP0109	Socorrismo en instalacións acuáticas	Presencial	1504103	388	-	AULA DE SALVAMENTO
2022/001003	AFDP0109	Socorrismo en instalacións acuáticas	Presencial	1504103	388	-	AULA DE SALVAMENTO
2022/001069	AFDP0209	Socorrismo en espazos acuáticos naturais	Presencial	1504103	438	-	AULA DE SALVAMENTO
2022/001648	AFDP0209	Socorrismo en espazos acuáticos naturais	Presencial	1504103	438	-	AULA DE SALVAMENTO

(1) Censo no que, de ser o caso, terán lugar as actividades presenciais cando a modalidade de impartición sexa teleformación

(2) Aula na que terán lugar as actividades presenciais

